

Celebración penitencial



Catequese de Galicia

Este tempo previo á Pascua é un tempo propicio para recoñecer que somos pecadores e pedir perdón a Deus.

O Ritual da Penitencia ofrece celebracións penitenciais non sacramentais, e explica que:

As celebracións penitenciais son moi útiles principalmente:

- para fomentar o espírito de penitencia na comunidade cristiá;
- para axudar á preparación da confesión que, despois en momento oportuno, pode facerse en particular;
- para educar aos nenos na formación gradual da súa conciencia do pecado na vida humana e da liberación do pecado por Cristo;
- para axudar aos catecúmenos á conversión.

Ademais, onde non haxa sacerdote a disposición para dar a absolución sacramental, as celebracións penitenciais son utilísimas, posto que axudan á contrición perfecta pola caridade, pola cal os fieis poden conseguir a graza de Deus, co propósito de recibir o sacramento da penitencia.

Ofrecemos unha celebración penitencial para realizar en familia.

Buscamos un lugar da casa onde poder estar cómodos e tranquilos.

Dirixe este acto un Guía, que pode ser a nai, o pai, unha avoa...



Saúdo

Guía: (mentres se fai o sinal da cruz)

No nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Todos: Amén.

Guía:

A graza, a misericordia e a paz de Deus o noso Pai e de Xesús o noso Salvador, estean con todos nós, agora e por sempre.

Todos: Amén.

Guía:

Queremos vivir como unha familia unida e renovada polo amor de Deus, por iso reunímonos para recoñecer as nosas falta e pecados.

Encomendámonos á misericordia divina e confiamos no seu perdón.

Lectura

Tamén os publicanos e pecadores se achegaban a Xesús para o escoitaren. Por iso os fariseos e letrados murmuraban: «Este acolle os pecadores e come con eles».

Entón Xesús contoulles esta parábola:

«¿Quen de vós, se ten cen ovellas e perde unha delas, non deixa as noventa e nove no descampado, e vai en busca da perdida, a ver se a atopa? E cando a atopa, volve todo contento para a casa, con ela no lombo; e, chamando por amigos e veciños, dilles: "Alegrádevos comigo, que atopei a ovella que perdera".

Pois asegúrovos unha cousa: no ceo haberá máis alegría por un pecador que se converta que por noventa e nove xustos que non precisan conversión.

Lector: Palabra do Señor.

Todos: Grazas a Deus.



Comentario

Os personaxes da escena son importantes:

- “Publicanos e pecadores” eran persoas que levaban unha vida afastada dos Mandamentos da Lei de Deus.
- Os fariseos eran estritos cumpridores desa Lei, e acusan a Xesús de “mesturarse” cos outros.
- Xesús non entra a discutir abertamente con eles; proponlles tres parábolas: a ovella perdida, a moeda perdida e o fillo perdido (pródigo). Nestas parábolas acentúase moito máis, moitísimo máis, a alegría do encontro que o anoxo, o enfado ou a ira da perda.

Por iso Xesús acaba cada unha das parábolas coa palabra alegría:

Haberá máis alegría no ceo por un só pecador que se converta que por noventa e nove xustos que non precisan converterse.

En vez do Comentario, un neno ou una nena pode ler as páxinas 106-107 do catecismo *Xesús é o Señor*.

Despois de escoitalo comentario ou a lectura, podemos ver este breve vídeo:



Exame de conciencia

Cada un en silencio pensa sobre os actos da súa vida.

Propoñemos un modelo de exame de conciencia, pero vale calquera outro.

Pódese copiar o modelo para que cada un reflexione, ou pode alguén ler en voz alta e deixar un tempo de silencio para pensar.



1. Amas a Deus? Confías nel? Procuras coñecelo mellor? Intentas descubrir cal é a vontade de Deus, ou conténtaste con levar a cabo os teus propios proxectos?
2. Usas o nome de Deus con agarimo ou oféndelo con palabras feas, blasfemias ou xuramentos? Na igrexa compórtaste con respecto?
3. Rezas a Deus cada día? Vas a Misa os domingos? Avergónñaste de recoñecerte como cristián publicamente?
4. Es obediente aos teus pais? Pórtaste ben cos teus familiares? Sentes a responsabilidade de animar aos teus fillos a vivir segundo o Evanxeo e a dar testemuño del?
5. Buscas a paz evitando as pelexas e as discordias? Perdoas sempre sen gardar rancor? Procuraches dano contra a vida ou o honor doutras persoas? Desprezaches a alguén pola súa condición ou polo seu xeito de pensar?
6. Coidas o teu corpo? Trátalo con pudor e honestidade? Mantiveches a túa fidelidade a Deus e á persoa que amas?
7. Colliches cousas que non son túas? Devolves o que che prestan? Reparaches o dano causado polas túas malas accións?
8. Dis sempre a verdade? Intentas non falar mal de ninguén? Pediches perdón cando causaches un prexuízo?
9. Pensas ben dos demais? Miras aos outros con pureza de corazón? Actuaches en contra da túa conciencia? Soportaches con paciencia as contrariedades e os defectos doutras persoas?
10. Evitas ter envexa dos amigos? Intentas ser xeneroso? Desexaches inxustamente cousas doutros?



Celebración penitencial



Acto penitencial

Guía: Deus e Pai noso:

- Moitas veces non obramos coma fillos teus.

Todos: Ti en cambio ámasnos e búscasnos.

- Temos desobedecido, non temos escoitado a túa Palabra nin a temos cumprido.

Todos: Ti en cambio ámasnos e búscasnos.

- Temos rifado entre nós e temos falado mal do próximo.

Todos: Ti en cambio ámasnos e búscasnos.

- Temos sido preguiceiros na casa, na escola, no traballo e non estivemos dispostos a axudar.

Todos: Ti en cambio ámasnos e búscasnos.

- Temos sido fachendosos e mentireiros.

Todos: Ti en cambio ámasnos e búscasnos.

- Temos perdido moitas ocasións de facer o ben.

Todos: Ti en cambio ámasnos e búscasnos.

Noso Pai

Guía: Agora volvamos ao Pai con Xesús, o noso irmán, e pidámoslle que perdoe os nosos pecados.

Todos: Noso Pai que estás no ceo;
santificado sexa o teu nome,
veña o teu reino e fágase a túa vontade
aquí na terra coma no ceo.
Dáanos hoxe o noso pan de cada día;
perdoa as nosas ofensas,
como tamén perdoamos nós
a quen nos ten ofendido;
e non nos deixes caer na tentación,
mais líbranos do mal.

Amén.



Acto de contrición e propósito

Pode manifestarse por medio dalgún signo, por exemplo: cada un dos presentes escribe nunha cartolina: “perdón, Señor”; e depositase nunha bandexa.

Logo cada un di:

Pai, estou arrepenrido de todo o mal que fixen e pídoche perdón polo ben que non quixen facer.

Quero esforzarme e corrixirme para camiñar sempre na túa luz.

Ao rematar, o Guía rompe as cartolinas escritas, simbolizando así que queremos apartarnos do pecado e ser amigos de Deus.

Oración de bendición

Guía:

Señor, axuda e protexe sempre a esta familia,
reunida no teu amor;
líbraa do pecado,
de maneira que sexa fiel á vocación do
Bautismo,
camiñe na comunión,
dea testemuño a todos da alegría do
Evanxeo
e chegue á felicidade eterna.
Por Xesucristo noso Señor.

Todos: Amén.

Guía: (mentres se fai o sinal da cruz)

No nome do Pai, e do Fillo e
do Espírito Santo.

Todos: Amén.

